

DIDÁCTICOS AUDIOVISUAIS
18 - 19



C
Compostela
Cultura
Didáctica



UNIDADE DIDÁCTICA O CINE PONNOS VERDES.

Luns 21 de xaneiro, 10 e 12 h. Sala Mozart (Auditorio de Galicia)
Alumnado de 3º e 4º cursos de Ed. Primaria.



INFORMACIÓN XERAL SOBRE OS DIDÁCTICOS AUDIOVISUAIS 2018-2019

A sesión O CINE PONNOS VERDES, dirixida a alumnado de 3º e 4º cursos de Ed. Primaria e á que corresponde esta unidade didáctica, é a 2ª das actividades das sesións de DIDÁCTICOS AUDIOVISUAIS que por 3ª curso consecutivo se inclúen no programa didáctico para centros de ensino que promove a Concellaría de Acción Cultural do Concello de Santiago, a través do Auditorio de Galicia.



Que tipo de contidos veremos neste programa de didácticos audiovisuais?

Os contidos deste proxecto son de dous tipos:

Por unha banda temos as sesións de cine, é dicir, as actividades de exhibición audiovisual nas que os centros de ensino se desprazan á sala Mozart do Auditorio de Galicia.

Estas sesións terán entre 60 e 70 minutos de duración e constan da seguinte estrutura:

.- **Presentación dos contidos.**

.- **Exhibición dos contidos.**

.- **Actividades sobre as pezas exhibidas** como continuación das actividades previas incluídas nas accións de mediación.

Desta volta, a sesión O CINE PONNOS VERDES terá lugar o luns 21 de xaneiro.

Por outra banda están as accións de mediación como acompañamento das sesións, nas que se inclúen as unidades didácticas asociadas aos contidos, así como as actividades previas nos centros de ensino. Estas actividades suporán un achegamento ao contido que días despois os nenos/as ou adolescentes visionarán na sesión correspondente. Terán entre 40 e 50 minutos de duración (unha clase de primaria, secundaria ou bacharelato) na que se tratarán contidos:

.- **temáticos** (que é o que imos ver? que conta a historia?)

.- **de contextualización** (cando se rodou esta historia? como? de onde veñen os personaxes? como se relaciona coa nosa realidade?)

.- **técnicos** (como se fixo esta peza? que recursos técnicos se utilizaron? música, montaxe, tipos de planos...)

Estas actividades desenvólvense na idea de que, ademais de servir para o traballo previo sobre a sesión específica que eses alumnos/as van ver, estas accións son tamén de achegamento global ao audiovisual como fonte de reflexión, de coñecemento e de xogo.



Cales son os obxectivos do programa?

Os obxectivos desta 3ª edición das sesións de didácticos audiovisuais, que poñemos en marcha dentro do programa didáctico xeral, son:

- ▶ Achegar contidos audiovisuais ao público escolar dende o punto de vista didáctico.
- ▶ Poñer a disposición dos/das escolares e docentes pezas/producións fóra da dinámica *mainstream* de fácil consumo.
- ▶ Crear hábito e disposición para o consumo de audiovisual doutras latitudes, culturas e ámbitos.
- ▶ Establecer pontes entre o audiovisual e outras manifestacións artísticas, como a música e a danza.
- ▶ Establecer sinerxias e colaboracións con outros colectivos e iniciativas culturais da cidade, a nivel de contidos e implementación das accións propostas.
- ▶ Incidir na vertente sociocultural do programa, prestando especial atención ao traballo na atención á diversidade, á igualdade entre homes e mulleres ou á non discriminación na escolla dos contidos e implementación do programa.

INFORMACIÓN SOBRE A 2ª SESIÓN: O CINE PONNOS VERDES.



Que nos imos atopar nesta 2ª sesión O CINE PONNOS VERDES?

Nesta sesión falaremos de ecoloxía, e de como coidar a nosa contorna a través da educación / concienciación medioambiental.

Por medio de distintas pezas audiovisuais trataremos temas como a contaminación dos



océanos, as especies animais en perigo de extinción, a necesidade da reciclaxe ou o perigo do cambio climático, nunha sesión que coma sempre contará cunha presentación introdutoria da temática da mesma como fío condutor, e como foco de atención para os nenos/as.

O cinefórum infantil estará artellado de

forma que, mediante a análise dos contidos que o alumnado acaba de ver, poidamos trasladar esta problemática ás claves máis cotiás posibles, para que o efecto pedagóxico do visto en pantalla sexa tamén maior.

Para O CINE PONNOS VERDES contaremos cunha educadora da entidade **ADEGA: Asociación pola Defensa Ecolóxica de Galiza**, coa que debatiremos sobre todos estes temas e como podemos axudar a paliar algúns dos problemas que vimos nas curtas: os animais en perigo de extinción, a contaminación dos océanos, a xestión eficaz da auga e outros recursos ou a obsolescencia programada.



Que contidos específicos veremos en O CINE PONNOS VERDES?

Esta 2ª sesión da proposta de didácticos audiovisuais 2018 - 2019 contará con 7 pezas de animación, 5 curtametraxes de ficción e 2 cuñas ou anuncios publicitarios, que mostran con variedade de linguaxes e estéticas distintos aspectos sobre a ecoloxía e os problemas derivados do maltrato á nosa contorna.

A continuación desglosamos os contidos desta sesión:

Título: LAST SHOT (A derradeira foto)

País: Estados Unidos (EUA)

Ano: 2016.

Duración: 02:37 min.

Dirección: Aemilia Widodo.

Sinopse: Esta é a historia dunha nena á que lle encanta a fotografía e desfruta coa súa cámara capturando momentos a través dela, ata que un día a cámara rompe e a nena, pensando que un obxecto roto xa non serve para nada máis, tíraa ao lixo. Pero que pasaría se lle deramos unha 2ª vida ás cousas que cremos que non sirven?

TEMÁTICA: A OBSOLESCENCIA PROGRAMADA.



Título: AIN'T NO FISH (Non hai peixe)

País: Estados Unidos (EUA) e Gran Bretaña.

Ano: 2013.

Duración: 03:30 min.

Dirección: Michael Cash e Tom Gasek.

Sinopse: Canción "despreocupada" sobre a pesca e sobre por que "algúns días pasa que non hai peixe". As focas cantan e engordño se vai desvelando contra o fondo da imaxe por que "non hai peixe". Malia esa actitude tan



optimista das focas, o sector do lixo e do petróleo, que está por todas as partes do mar, é o que nos dá a resposta.

TEMÁTICA: A CONTAMINACIÓN DOS OCÉANOS.

Título: THE SONG FOR RAIN (A canción da chuvia)

País: China.


Ano: 2012.

Duración: 07:59 min.

Dirección: Zheng Ya Wen.

Sinopse: Unha historia sobre a amizade peculiar dun rapaz e un raposo, de dous mundos que se atopan e se axudan o un ao outro. O raposo da historia busca desesperadamente auga para regar as flores murchas do seu xardín, onde xa non chove e só hai sol. O seu amigo humano axudaráo co seu paraugas, e flor e paraugas quedarán como recordo daquel día que foi realidade. Ou foi un soño?

TEMÁTICA: O CAMBIO CLIMÁTICO E O RESPECTO POLA FAUNA.



Título: UNA PRINCESA EN APUROS (Unha princesa en problemas)

País: Arxentina.

Ano: 2010.

Duración: 04:55 min.

Dirección: Inés Dusel, Ariel López V. y Claudio Grandinetti

Sinopse: Adelaida é unha princesa valente e decidida que non dubida nin un momento en ir en busca do seu príncipe. Pero terá que enfrontarse a un montón de problemas: como non hai auga non pode lavar o pelo, as cabazas para a súa carruaxe non crecen pola seca e as inundacións provocadas polo desxeo farán moi difícil que chegue á súa meta. Como podemos maltratar tanto o noso planeta para que os contos deixen de ser contos?

TEMÁTICA: O CAMBIO CLIMÁTICO E AS ACCIÓNS INDIVIDUAIS PARA COMBATILO.



Título: CHOIBA.

País: Colombia.

Ano: 2011.

Duración: 05:23 min.

Dirección: Wilson Cáceres y Manuel García.

Sinopse: Choiba é unha curtametraxe de animación que fala da protección da vida silvestre, en especial da fauna, e que presenta a situación de ameaza crítica na cal se atopa o Mono Araña Café (*Ateles Hybridus*), tamén coñecido como *Marimonda del Magdalena* ou *Choiba*. Con esta curta os seus autores pretenden concienciar á comunidade internacional a respecto da preservación e protección da fauna e recursos naturais de Colombia, e do resto do mundo.

TEMÁTICA: A PROTECCIÓN DA FAUNA EN PERIGO DE EXTINCIÓN.



Título: EQUILIBRIUM // COIDA A AUGA.

País: España.

Ano: 2015.

Duración: 02:37 min. // 02:11 min.

Dirección: Virginia Curiá e Tomás Conde.

Sinopse: Estas dúas pezas son anuncios publicitarios creados polo estudo galego *Algarabía Animación*, empresa na cal Virginia Curiá e Tomás Conde levan producindo audiovisual especializado na técnica *stop motion* durante anos, acadando grande éxito e importantes premios. *Equilibrium* e *Coida a auga* fálannos do fino equilibrio que mantén en funcionamento o noso planeta, e de como as nosas decisións cotiás á hora de consumir enerxía ou auga poden afectar ao mundo natural e por extensión ás outras persoas que habitan o mundo. E, como todo na vida, todas as accións negativas que levamos a cabo pódense volver en contra de nós...

TEMÁTICA: A XESTIÓN EFICAZ DOS RECURSOS NATURAIS.





Como será a organización da sesión O CINE PONNOS VERDES?

A estrutura da actividade do luns 21 de xaneiro será como segue:

O CINE PONNOS VERDES.



INTRODUCCIÓN (5 min. aprox.)

Presentación da actividade e diálogo inicial cos nenos e nenas asistentes. Repaso rápido dos contidos que van ver na sesión así como a temática desta, que desenvolveremos no cinefórum.

PROXECCIÓN (35 min. aprox.)

Proxección dos contidos que compoñen a sesión (explicados máis arriba): 7 pezas audiovisuais (5 curtametraxes e 2 anuncios publicitarios) cuxas temáticas xiran arredor da ecoloxía e a educación / concienciación medioambiental: o cambio climático, a fauna en perigo de extinción, a xestión da enerxía e os recursos naturais ou a obsolescencia programada.

ROLDA DE PREGUNTAS / DEBATE: CINEFÓRUM INFANTIL (20 min. aprox.)

A actividade post-proxección terá formato de cinefórum infantil, e comezará cunha rolda de preguntas xerais sobre que lles pareceron os contidos, na que iremos focalizando a nosa atención na análise destes.

No cinefórum centraremos analizaremos o contido e temáticas das pezas que conforman O CINE PONNOS VERDES, vendo como podemos trasladar os casos vistos en pantalla á nosa realidade cotiá

Neste derradeiro bloque da sesión contaremos coa presenza dunha educadora do colectivo ADEGA, que nos falará do seu traballo a prol da defensa ecolóxica de Galicia e sobre como podemos poñer o noso gran de area para evitar os problemas que vimos na curtas.

PROPOSTA DE MEDIACIÓN: ACTIVIDADES DIDÁCTICAS NOS CENTROS DE ENSINO.

TALLER ANTES DA SESIÓN.

Levaráanse a cabo nos centros de ensino correspondentes impartidas pola mediadora, previa organización do calendario de accións cos/coas docentes.

Duración: 50 minutos.

CONTIDOS DO TALLER DE PRESENTACIÓN.

ACTIVIDADE 1. O CINE PONNOS VERDES: PRESENTACIÓN DOS CONTIDOS DA SESIÓN. (15 minutos aprox.)

Nesta primeira parte do taller faremos unha presentación dos contidos que imos ver:

- ◆ Presentación e fichas técnica e artística das pezas que veremos na sesión.
- ◆ Proxección do comezo dalgunhas das pezas que conforman a sesión. Explicación da selección de contidos.
- ◆ Análise de temáticas que aparecerán nas distintas pezas, para despois analizalas todos/as xuntos/as no cinefórum posterior.

ACTIVIDADE 2. A DEFENSA ECOLÓXICA COA NOSA CONVIDADA: A ASOCIACIÓN ADEGA (15 minutos aprox.)

Na segunda parte da actividade seguiremos afondando nas temáticas nas que estará centrada a sesión:

A obsolescencia programada.

O cambio climático.


A xestión da auga e outros recursos naturais.

A fauna en perigo de extinción.

E presentaremos así mesmo a entidade colaboradora en O CINE PONNOS VERDES e algúns dos seus proxectos e liñas de traballo, nomeadamente a iniciativa PROXECTO RÍOS:

www.proxectorios.org

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) é unha asociación ecoloxista democrática, independente e sen ánimo de lucro que traballa en defensa do medio ambiente galego e global do que depende a nosa calidade de vida.



ADEGA avoga por un modelo de desenvolvemento ecoloxicamente sustentábel e socialmente xusto, por un modelo de desenvolvemento sen destrución ambiental que reduza as desigualdades dentro de cada país e entre países.


ADEGA é a asociación de defensa ambiental máis activa e con maior implantación do noso país, cunha experiencia de traballo de máis de 25 anos. Centramos o noso traballo en Galiza sen por iso deixarmos de ter unha visión global da problemática ambiental e de exercermos na medida das nosas posibilidades a solidariedade coas loitas ambientalistas doutros pobos.

ADEGA entende que a diversidade biolóxica ten o seu reflexo na diversidade cultural e que ámbalas dúas deben ser

preservadas. Isto supón no noso caso asumir un compromiso coa defensa da cultura e a lingua propias de Galiza.

ACTIVIDADE 3. LABORATORIO DE CINEASTAS DO FUTURO (20 minutos aprox.)

Esta última parte dos talleres de mediación previos a cada sesión nos centros de ensino será común e transversal ás 5 citas de didácticos audiovisuais. Nela, ademais de tratar especificamente os contidos e temáticas da sesión correspondente, queremos dar ao alumnado unha pinceladas básicas sobre cuestións técnicas de linguaxe audiovisual e análise cinematográfica, adaptadas sempre ás idades dos/das participantes e dende un punto de vista dinámico e participativo (esta actividade será sempre un exercicio para facer en común)



Traballaremos arredor das seguintes cuestións:

- ◆ Linguaxe audiovisual: tipos de planos e posicionamento da cámara como elemento narrativo.

- ◆ O *storyboard* ou guión visual: como trasladar as historias a imaxes.
- ◆ Técnicas de interpretación e a súa evolución a través da historia do audiovisual: do *slapstick* ao *Dogma 95*.
- ◆ Xéneros cinematográficos: como contamos as historias? Da comedia ao cine negro.



ACTIVIDADES ARREDOR DA SESIÓN O CINE PONNOS VERDES.

Esta batería de actividades propónse para ser levada a cabo, de forma optativa, na aula polos/polas docentes, tras asistir á proxección da sesión O CINE PONNOS VERDES.

CONTACTO:

Diego V. Meizoso

Telf.: 646361471

Rebeca Mariño

Telf.: 650541978

Correo-e: didacticosaudiovisuais@gmail.com

